

**ANTEPROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DA SOCIEDADE PARA A XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL
DA AUGA, S.A.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, regula no seu artigo 26 os servizos que, como mínimo, deben prestar os Concellos. A obrigatoriedade de tales servizos establécese en función da poboación do Municipio, aínda que o precepto sinalado establece un conxunto de servizos (entre os que se inclúen o abastecemento e a rede de sumidoiros) que deben ser prestados por todos os Municipios.

A atribución competencial realizada pola lei básica refórzase na lexislación galega. Tanto a Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia como a Lei 9/2010 do 4 de novembro, de augas de Galicia, atribúen aos Concellos competencias en materia de abastecemento, rede de sumidoiros e tratamento de augas residuais, establecendo como servizos de prestación obrigatoria por todos os Concellos, na liña da lexislación básica, o abastecemento domiciliario de auga e a rede de sumidoiros.

As Deputacións Provinciais, pola súa banda, por imperativo legal, teñen outorgadas as funcións de cooperación e asistencia aos Municipios, asegurando, especificamente, a prestación dos servizos municipais de prestación obrigatoria naqueles Concellos que carecen dos medios materiais e humanos para afrontar con éxito aquela.

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local reforzou o papel das Deputacións como garantes da adecuada prestación dos servizos públicos de competencia municipal. Neste sentido son competencias propias das Deputacións, entre outras, a coordinación dos servizos municipais en todo o territorio, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica, a prestación dos servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, comarcal e a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, así como na planificación no territorio provincial.

Por último, a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuídas competencias sobre as obras de interese da Comunidade cando así estean cualificadas na súa planificación e exerce tamén a colaboración técnica e financeira coas administracións locais para un desenvolvemento máis eficaz das competencias destas.

Ademais, de acordo coa citada lei de augas de Galicia, a Comunidade autónoma galega ten competencias en canto á ordenación dos servizos de abastecemento e de saneamento en alta e a coordinación do exercicio das competencias das entidades locais.

II

A auga é un ben esencial e escaso tanto para os cidadáns como para a actividade económica de calquera sector e faise necesario, por tanto, garantir unha subministración e un tratamento de auga seguro, previsible e sobre todo de calidade.

Para iso, requírese non só un conxunto de infraestruturas que permitan almacenar, potabilizar, distribuír e depurar a auga, senón que é imprescindible a súa correcta explotación e mantemento. É certo que nas últimas décadas, Galicia, cunha gran dispersión territorial, experimentou igualmente un enorme salto cualitativo na extensión territorial de servizos de abastecemento e depuración de auga grazas á dotación das infraestruturas necesarias. Con todo, estas infraestruturas deben de ir compasadas e acompañadas dunha boa xestión que permita prestar os servizos con calidade e eficacia para o que se precisa dunha capacidade técnica e económica que, en moitos casos, carecen os Municipios galegos.

Na actualidade Galicia enfróntase a un conxunto de importantes e urxentes retos ambientais relacionados, por unha banda, co cumprimento dunha normativa europea cada vez máis esixente en materia ambiental, e en concreto a Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro, Directiva Marco da auga e, por outro, coa escaseza crecente de auga, dado que xa se empeza a percibir os efectos dun cambio climático, que presenta indicios de modificar o réxime da pluviosidade da nosa comunidade dando lugar a períodos de escaseza de auga.

Neste contexto, o avanzar no cumprimento da Directiva Marco da auga, o consumo responsable e a xestión eficiente e eficaz do ciclo integral da auga convértese nun dos retos emerxentes máis importantes en materia ambiental. Un reto que é responsabilidade de todos alcanzalo.

Todo iso obriga a levar a cabo unha profunda reflexión sobre o actual marco regulatorio e a procura da xestión máis eficiente das instalacións de ciclo integral da auga, para optimizar os recursos da administración e lograr elevados niveis de calidade de servizo para todos os cidadáns.

A superación dos retos ambientais e económicos que teñen a día de hoxe os Entes Locais vese dificultada tanto pola complexidade técnica intrínseca da xestión dos servizos do ciclo integral de auga así como pola dificultade en alcanzar a sustentabilidade económica e financeira destes servizos. Nisto último, pódese afirmar que, nos Municipios con núcleos máis pequenos, o custo da prestación do servizo por habitante, nunhas mesmas condicións de calidade, é maior que nas cidades, xa que as instalacións de abastecemento e saneamento teñen uns custos fixos que hai que repartir entre menos usuarios.

En definitiva, unha boa xestión das infraestruturas que permita prestar eses servizos con calidade e eficacia precisa dunha capacidade técnica e económica da que carecen a maioría dos concellos galegos.

Existe unha gran disparidade territorial tanto na cobranza dos servizos aos cidadáns como no esforzo dos concellos pola explotación das infraestruturas.

Como consecuencia de todo o anterior, actualmente en Galicia obsérvanse deficiencias tanto nas infraestruturas como na organización técnica e económica dos servizos municipais.

III

As anteriores consideracións aconsellan unha implicación conxunta das Deputacións provinciais e da Comunidade Autónoma na colaboración cos concellos, ofrecéndolles un instrumento para a xestión do ciclo integral da auga baseado tanto na voluntariedade (requisito básico en tanto a competencia corresponde ás Entidades Locais) como a colaboración e o compromiso ambiental do cumprimento da Directiva Marco da auga, buscando unha xestión consensuada e equilibrada do ciclo integral da auga.

Como un primeiro paso cara á consecución dun modelo de xestión do ciclo integral da auga que garanta a súa sostenibilidade futura, o 4 de novembro de 2013 a administración autonómica galega e a Federación galega de municipios e provincias (FEGAMP) asinaron un protocolo de colaboración e desenvolvemento do pacto local para a xestión do ciclo urbano da auga. A través da posta en marcha deste pacto local, cunha participación activa dos concellos, das Deputacións provinciais e da Comunidade Autónoma, tense acadado un axeitado punto de partida para progresar na optimización da xestión da auga e na prestación destes servizos. Este acordo político foi promovido para avanzar na consecución dun modelo de xestión sostible e eficiente, sobre todo naqueles aspectos que máis lle afectan á autonomía local, de tal xeito que se poidan satisfacer os dereitos e intereses dos usuarios e consumidores da auga a través da prestación duns servizos de calidade, que permitan cumprir os obxectivos ambientais nun complexo escenario de cambio climático. As premisas fundamentais deste pacto consisten principalmente en acadar un instrumento público e integral (de todo o ciclo integral da auga), con solvencia técnica, con tarifas igualitarias e homoxéneas e con posibilidades de vías de financiamento para a realización de investimentos baseados en criterios técnicos.

Neste senso, a iniciativa de crear unha nova Sociedade Mercantil, que se incorpore ao conxunto de entes instrumentais da Administración Galega xustifícase plenamente pola necesidade de profesionalizar a xestión de infraestruturas do ciclo integral da auga en Galicia. Así mesmo, a xestión conxunta do ciclo integral da auga permite compartir recursos técnicos, materiais, humanos e financeiros que xeran economías de escala e maior eficiencia e eficacia na prestación destes servizos.

Unha solución idónea é a que se presenta nesta Lei: a creación dunha Sociedade pública que sirva de vehículo non só ás necesidades de investimento sinaladas, senón que poida desenvolver eficientemente a xestión do abastecemento e do saneamento nos Municipios que así o requiran. A participación na

Sociedade tanto da Xunta de Galicia como das Deputacións Provinciais e os Concellos que o desexen, garante a necesaria confluencia de intereses e capacidade decisoria imprescindible para xestionar con éxito os innegables retos que afrontan os servizos do ciclo integral da auga na nosa Comunidade Autónoma con plenas garantías de éxito.

O obxectivo último é avanzar nun modelo que axude ás Entidades Locais nas súas competencias de xestión en materia de augas, baseado no uso responsable da auga, a sustentabilidade económica e ambiental e a sustentabilidade social, porque unha boa calidade da auga dos nosos acuíferos, os nosos ríos e das nosas rías, non só contribúe á pesca e ao marisqueo, senón tamén ao turismo e a potenciar o noso medio rural e natural.

Esta norma, con escrupuloso respecto ao marco competencial existente, ten o seu fundamento competencial, esencialmente, nos títulos competenciais previstos no Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, nas seguintes materias: organización das institucións de autogoberno (artigo 27.1); obras públicas que non teñan a cualificación legal de interese xeral do Estado ou cuxa execución ou explotación non afecte a outra Comunidade Autónoma ou provincia (artigo 27.7); réxime xurídico da Administración Pública de Galicia e réxime estatutario dos seus funcionarios (artigo 28.1); creación e estruturación da súa propia Administración pública (artigo 39) e polo que respecta ao réxime económico-financeiro previsto, o seu fundamento reside no artigo 44 do citado estatuto de autonomía.

IV

O articulado da presente lei estrutúrase en dez artigos, catro disposicións adicionais e unha disposición final. O primeiro destes artigos crea a Sociedade mercantil pública autonómica para a xestión do ciclo integral da auga, o segundo regula o seu capital social, do terceiro ao oitavo recóllese o seu obxecto, réxime xurídico e funcionamento, regulándose nos seus artigos noveno e décimo o seu réxime tarifario e o financiamento de actuacións. Por último, a lei complétase con catro disposicións adicionais nas que se establecen as normas específicas en relación cos convenios que vaian ser asinados ao amparo desta lei, cos servizos xestionados pola entidade pública empresarial Augas de Galicia e co persoal.

Artigo 1. Creación.

Co obxectivo de lograr unha xestión equilibrada, eficaz e sustentable económica, ambiental e socialmente dos servizos da auga, así como de formalizar a colaboración administrativa e o compromiso ambiental co cumprimento da Directiva Marco da auga, autorízase ao Consello da Xunta de Galicia para a creación da Sociedade mercantil pública autonómica para a xestión do ciclo integral da auga con carácter de Sociedade anónima e coa referida denominación, a cal se adscribirá á Consellería con competencias en materia de augas.

Artigo 2. Capital social.

1. O capital social inicial da Sociedade estará dividido en 5.610 accións nominativas e será subscrito e desembolsado integramente pola Xunta de Galicia.

2. A efectos de incorporar ao accionariado da Sociedade ás Entidades Locais de Galicia nos termos establecidos no presente artigo, o capital social será incrementado mediante a emisión de novas accións nominativas, ata acadar un máximo total de 11.000.

3. Calquera que sexa a cifra do capital social, a Xunta de Galicia ostentará unha participación mínima do 51% do mesmo.

4. A incorporación das Deputacións Provinciais ao capital social da Sociedade verificarase a través da adquisición das novas accións nominativas emitidas, coas condicións establecidas nesta lei e nos termos que se fixen nos estatutos da Sociedade.

Cada Deputación Provincial adquirirá dúas accións por cada 1.000 habitantes en cada un dos concellos correspondentes a ese ámbito territorial e dúas accións por cada un dos concellos con menos de 1.000 habitantes, tendo en conta a poboación de dereito no momento de subscrición das accións.

5. Os concellos poderán formar parte do capital social da Sociedade mediante o alleamento de accións por parte da Deputación Provincial correspondente, coas condicións establecidas nesta lei e nos termos que se fixen nos estatutos da Sociedade. A participación máxima do conxunto dos Concellos na Sociedade será do 25% do capital social.

Cada concello incorporará ao capital social da Sociedade mediante a adquisición dunha acción por cada 1.000 habitantes da súa poboación de dereito no momento da subscrición. Aos Concellos que teñan unha poboación inferior a 1.000 habitantes de dereito seralles alleada unha acción.

6. As entidades locais deberán subscribir o número de accións representativas da porcentaxe do capital social que lles corresponda, segundo o determinado neste artigo, como requisito previo para formalizar a adhesión ao sistema de xestión dos servizos vinculados ao ciclo integral da auga a través da Sociedade, sen prexuízo do establecido no artigo 5.

7. Os concellos que participen no capital social da Sociedade poderán allear as súas accións a favor da Deputación Provincial correspondente sempre que previamente se teñan separado do sistema de xestión dos servizos vinculados ao ciclo integral da auga que se promove nesta lei, cumprindo os requisitos establecidos na mesma.

Unha Deputación Provincial poderá allear a súa participación no capital social da Sociedade a favor doutras Entidades Locais ou da Xunta de Galicia. Neste caso, será requisito necesario que ningún dos concellos do seu ámbito territorial permaneza adherido ao mencionado sistema de xestión.

A separación da Xunta de Galicia do capital social da Sociedade soamente poderá levarse a cabo no caso de liquidación da mesma.

Artigo 3. Réxime xurídico.

1. A Sociedade rexerese polo ordenamento xurídico privado, salvo nas materias que lle sexa de aplicación a normativa orzamentaria, contable, de control financeiro e de contratación pública. En ningún caso poderanlle ser atribuídas facultades que impliquen o exercicio de potestades públicas.
2. A selección de persoal da Sociedade rexerese polo establecido na disposición adicional segunda da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Artigo 4. Obxecto social.

O obxecto social da Sociedade comprenderá a xestión de servizos vinculados á auga, en particular, incluírá a posibilidade de planificar, proxectar, executar e explotar as actuacións que resulten necesarias para estes efectos, así como a realización das funcións relacionadas cos servizos hidráulicos que resulten precisas e que requira o normal desenvolvemento da actividade da Sociedade, na forma e modalidades que se establezan nos seus estatutos.

Artigo 5. Prestación de servizos vinculados ao ciclo integral da auga mediante cooperación horizontal.

1. A adhesión ao sistema de xestión institucional dos servizos vinculados ao ciclo integral da auga, que promove a administración autonómica mediante a creación desta Sociedade, será voluntaria para as entidades locais, no marco do disposto na normativa básica en materia de réxime local e na lexislación en materia de augas, e efectuarase mediante negocio xurídico-administrativo, que será formalizado entre a entidade local e a Sociedade mercantil pública autonómica para a xestión do ciclo integral da auga, como xestora do sistema.

2. A consellería competente en materia de augas, para asegurar o funcionamento do sistema, oída a Sociedade pública, fixará as condicións de adhesión das entidades locais ao sistema e aprobará o modelo para a formalización da adhesión, procedendo á súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Entre estas condicións de adhesión regularanse os dereitos e obrigacións que reciprocamente, con carácter xeral, adquiran a Sociedade e a Entidade Local.

Así mesmo, en garantía da sustentabilidade financeira do sistema, entre as condicións para a adhesión figurará a dun tempo mínimo de adhesión. As Entidades Locais que encarguen a xestión dos servizos vinculados ao ciclo integral da auga da súa titularidade á Sociedade comprometeranse a manter o devandito encargo por un prazo mínimo de cinco anos.

Nos supostos en que sexa preciso realizar investimentos para a mellora das infraestruturas, o compromiso sinalado no parágrafo anterior fixarase polo prazo de recuperación daquelas. Para estes efectos o prazo sinalado recollerase expresamente no convenio previsto no artigo seguinte.

Artigo 6. Procedemento de adhesión das entidades locais competentes para a prestación dos servizos do ciclo integral da auga

1. O procedemento de adhesión iníciase mediante solicitude das Entidades Locais competentes para a prestación dos servizos do ciclo integral da auga presentada ante a Sociedade.

A solicitude deberá axustarse ao establecido nas condicións de adhesión, precisará os servizos que se pretenda encargar á Sociedade e deberá acompañarse da documentación que nelas se determine, que en todo caso incluírá un informe técnico sobre a situación do servizo e a prestación do consentimento para a realización das verificacións e actuacións que esixa a realización do estudo previsto neste artigo.

2. Recibida a solicitude, a Sociedade, de acordo co establecido nas condicións de adhesión, realizará un estudo técnico, administrativo e económico da situación do servizo ou servizos cuxa xestión se lle pretenda encomendar. Este estudo incluírá:

- a) Respecto ás infraestruturas asociadas ao mesmo, a súa situación administrativa, e as condicións de conservación e mantemento.
- b) Respecto da explotación do servizo, a situación técnica, administrativa e económica do mesmo.

3. Unha vez realizado o estudo e definida pola Sociedade a situación do servizo, procederase do seguinte modo:

a) Se a Sociedade, de acordo cos resultados do estudo realizado, conclúe a non necesidade de realizar outros investimentos máis aló dos correspondentes ao mantemento e conservación das infraestruturas, comunicarase este extremo á Entidade Local e a súa adhesión ao sistema efectuarase mediante a formalización do negocio xurídico-administrativo entre a Entidade Local e a Sociedade mercantil pública autonómica para a xestión do ciclo integral da auga, de acordo co modelo establecido pola consellería competente referido no artigo anterior e previa a subscripción das accións correspondentes, segundo o establecido no artigo 2.

b) Se a Sociedade, de acordo cos resultados do estudo realizado, conclúe a necesidade de realizar investimentos nas infraestruturas para a prestación do servizo, comunicará á Entidade Local unha

proposta de convenio, fundamentada en criterios económicos e técnicos, na que se recollerán as condicións para a súa instrumentación e financiamento.

Estes convenios rexeranse polo establecido no artigo 10 da presente lei.

No caso de que a entidade local acepte a proposta de convenio, este formalizarase conxuntamente coa adhesión ao sistema, formulada conforme ao disposto no apartado anterior. A adhesión ao sistema estará condicionada ao cumprimento do Convenio.

4. A separación do sistema de xestión dos servizos vinculados ao ciclo integral da auga a través da Sociedade poderá levarse a cabo nos termos establecidos nesta lei e nas propias condicións de adhesión, previa liquidación de todas as obrigacións e compromisos pendentes.

Artigo 7. Medio propio.

A Sociedade, para os efectos do establecido na lexislación de contratos do sector público, terá a consideración de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e das Entidades Locais de Galicia e dos seus poderes adxudicadores que entren a participar no seu capital social. A Sociedade estará obrigada a realizar, por se mesma ou a través de terceiros nos termos e coas limitacións establecidas pola lexislación de contratos do Sector Público, os traballos que, nas materias que constitúen o seu obxecto social lle sexan encargadas polos devanditos entes.

As condicións de execución dos encargos, así como a retribución dos mesmos, serán fixadas pola consellería competente en materia de augas. En ningún caso a Sociedade executará actuacións cuxa retribución prevista sexa inferior aos custos da súa execución.

Artigo 8. Participación das Entidades Locais nos órganos de goberno.

1. Nos Estatutos da Sociedade deberá establecerse unha representación mínima das Entidades Locais no Consello de Administración, representación que será proporcional ao importe do capital social de titularidade das referidas Entidades, sen que en ningún caso o número de Conselleiros nomeados en representación daquelas poida ser inferior a dous.

2. O nomeamento dos Conselleiros en representación das Entidades Locais regularase nos Estatutos, que en todo caso garantirán que, polo menos, un dos Conselleiros o sexa en representación das Deputacións Provinciais e outro en representación dos Municipios.

Artigo 9. Tarifas.

1. A compensación á Sociedade pola prestación dos servizos que lle sexan encargados polas Entidades Locais realizarase por estas mediante o pago das tarifas que se aproben para os diferentes servizos. Estas tarifas, de acordo con principios establecidos na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e en aras a conseguir os obxectivos establecidos no artigo 1 da presente lei, serán iguais para todas as entidades locais adheridas ao sistema e o seu importe deberá cubrir o custo de prestación pola

Sociedade do servizo para o conxunto das entidades adheridas de tal modo que permita garantir a sustentabilidade económica e financeira da Sociedade.

2. O importe das tarifas así como a súa actualización ou revisión será fixado na Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma.

3. No caso de que os custos do sistema obriguen a un incremento das tarifas respecto das vixentes no momento da adhesión, as entidades locais poderán optar pola separación do sistema, nos termos que se establezan nas condicións de adhesión, previa liquidación das actuacións e das obrigacións pendentes e do cumprimento dos compromisos asumidos nos convenios de financiamento de investimentos formalizados.

4. As débedas que contraian as Entidades Locais por falta de pagamento das tarifas reguladas neste artigo ou as derivadas dos convenios de financiamento de investimentos formalizados poderán ser compensadas cos importes do Fondo de Compensación Local que correspondan ás devanditas entidades, nos termos legalmente establecidos. Entre as condicións para a adhesión establecerase que estas débedas terán a consideración de vencidas, líquidas e esixibles a efectos do seu abono con cargo ao devandito Fondo de Cooperación Local e regularanse os efectos de pago das devanditas cantidades.

Artigo 10. Financiamento das actuacións necesarias para a prestación do servizo.

1. O financiamento das actuacións de dotación ou mellora de infraestruturas previstas no artigo 6 se instrumentarán mediante a formalización de convenios de colaboración entre Augas de Galicia, as Deputacións Provinciais a cuxo territorio pertencen as Entidades Locais interesadas, a Sociedade e as Entidades Locais que sexan competentes para a prestación do servizo.

2. O financiamento das actuacións recollidas no Convenio verificarase nos seguintes termos:

a) Un terzo do seu custo será financiado por Augas de Galicia.

b) Un terzo do seu custo será financiado pola Entidade Local.

c) O terzo restante será financiado pola Deputación Provincial correspondente.

3. O establecido no apartado anterior entenderase sen prexuízo de que as entidades intervenientes no Convenio acorden unha repartición do financiamento distinto, acorde ás súas dispoñibilidades económicas no momento da firma.

En todo caso, se as dispoñibilidades económicas e financeiras da Sociedade o permiten, no Convenio de referencia poderá incluírse a previsión de que a Sociedade anticipe os pagos requiridos a outras entidades intervenientes. Nese caso, no propio convenio estableceranse as condicións de aprazamento e de devolución das cantidades anticipadas.

4. No Convenio previsto no artigo 6 poderá incluírse a previsión de que a Sociedade anticipará os pagos requiridos polos investimentos e poderase resarcir cun recargo específica de investimentos sobre as tarifas que debe abonar a Entidade Local, nas contías e polo tempo que se estableza.

Disposición adicional primeira. Duración dos convenios

Os convenios contemplados na presente Lei terán unha duración determinada, que coincidirá co prazo de recuperación dos investimentos previstos nos mesmos, deducido dos estudos económicos realizados para o efecto. En ningún caso a duración dos convenios poderá ser superior a corenta anos.

No caso de que os convenios non contemplan investimentos, ou o prazo de recuperación destas sexa inferior a catro anos, aplicarase o disposto polo artigo 49.h) da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Disposición adicional segunda. Servizos prestados por Augas de Galicia

A Sociedade xestionará os servizos relacionados no Anexo 1 previa subscripción polos Concellos das accións da Sociedade que lle sexan atribuíbles por aplicación das regras contidas no artigo 2 da presente Lei. No caso de que os Concellos non seguisen o procedemento previsto nos artigos 2 e 5, poderá procederse á reversión da explotación á entidade local correspondente, de acordo coa normativa aplicable e as condicións acordadas en cada caso. A Sociedade poderá xestionar, en todo caso, aquelas obras hidráulicas declaradas de interese da Comunidade Autónoma de Galicia de acordo co establecido no artigo 28.1 da Lei 9/2010.

En calquera caso, non será precisa a realización das auditorías previas contempladas na presente Lei para os servizos que se relacionan no Anexo 1.

Disposición adicional terceira. Do persoal

O persoal funcionario de carreira ou laboral fixo ao servizo das administracións públicas poderá entrar a formar parte da Sociedade a través dun contrato laboral en tanto dure a prestación de servizos e respectándosele a súa antigüidade, quedando na Administración de orixe na situación que determine a normativa de aplicación. Se reingresase na devandita Administración, recoñeceráselle o tempo que permanecese prestando servizos na Sociedade a efectos de antigüidade.

Disposición adicional cuarta. Desenvolvemento normativo

Autorízase ao Consello de Goberno da Xunta para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento da presente lei.

Disposición final. Entrada en vigor.

A presente Lei entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, xxx de xxxxx de dous mil dezanove,

ANEXO 1

SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA EN ALTA

1. Ribeira
2. Rianxo
3. Pontecesures
4. Pobra do Caramiñal.
5. Dodro
6. Padrón
7. Boiro
8. Valga
9. Catoira

SERVIZOS DE OPERACIÓN E MANTEMENTO DE ESTACIÓNS DEPURADORAS DE AUGAS RESIDUAIS

1. EDAR de Punta Avarenta. (Ares)
2. EDAR de Camariñas. (Camariñas)
3. EDAR de Muros. (Muros)
4. EDAR de Esteiro . (Muros)
5. EDAR de Porto do Son. (Porto do Son)
6. EDAR de Cedeira . (Cedeira)
7. EDAR de Cariño. (Cariño)
8. EDAR de Laxe. (Laxe)
9. EDAR de Melide . (Melide)
10. EDAR en Ponche do Porto. (Camariñas)
11. EDAR de Ribadeo . (Ribadeo)
12. EDAR Moraña. (Moraña)
13. EDAR de Baiona . (Baiona)
14. EDAR de Ortigueira . (Ortigueira)
15. EDAR de Alfoz. (Alfoz)
16. EDAR de Nigrán . (Nigrán)
17. EDAR de Gondomar. (Gondomar)
18. EDAR de Arcade . (Soutomaior)
19. EDAR de Cambados. (Cambados)
20. EDAR de Vilaboa . (Vilaboa)

21. EDAR de Pobra de Caramiñal. (Pobra de Caramiñal)
22. EDAR de Praceres . (Pontevedra)
23. EDAR de Ribadumia . (Ribadumia)
24. EDAR dá Illa de Arousa . (A Illa de Arousa)
25. EDAR de Meaño . (Meaño)
26. EDAR de Ponte Caldelas . (Ponte Caldelas)
27. EDAR de Comboa . (Soutomaior)
28. EDAR de Tomiño . (Tomiño)